

Relatos

Gloria Pampillo

Tradución de Xela Arias Castaño



Gloria Pampillo

Relatos

Versión galega de Xela Arias Castaño

BICARSE NA BOCA

I

Debe abandonar este departamento dentro de unha hora e xa non lle queda outro lugar a onde ir. Está de pé, inmóbil, ollando as fiestras que dan á rúa. Hai tempo que non consulta o reloxo e agora parécelle que non había poder sequera peitearse. Para atopar un espello debe pasar diante dun cuarto do que recea e, doutra banda, ultimamente sucédelle que non necesita un espello para se ver de corpo enteiro, a miúdo de perfil, outras veces de costas.

A tarde anterior, fixo a súa maleta mentres o home remataba de gardar un xogo de pezas de porcelana en caixas de cartón. Despois, ía poñendo un tras doutro os vultos en ringleira preto da porta da rúa. Movíase con apuro, mais de cando en vez, pechado no cuarto do teléfono, facía chamadas silandeiras para asegurar que todo andaba ben e que a mudanza transcorría con calma.

Ó que ela rematou de se vestir tivo que agardar cabo da porta a que el levase as caixas ata o palier. Mentres botaba a chave despedíronse e Xulia baixou soa no ascensor. Abaixo, sentiuse irritada. O frete da mudanza, mal estacionado, podía chama-la atención a calquera dos seus veciños. Habíalles abondar unha ollada no interior da caixa do camión para recoñeceren unha lámpada ou un moble pequeno e decatárense do que sucedía. Consequira un taxi case de seguida. Os últimos predios do barrio afastáronse axiña; daquela, pensou en Teresa. Lembrou a súa voz suspicaz no teléfono, a maneira acougada, case choqueira como ela lle pedira albergue por unha noite e maila fría despedida da outra. Sen embargo, cando chegou á casa da curmá, á procura aínda de algo de consolo, describiulle como quedara o departamento. Daquela, sen disimulo, Teresa botou unha ollada ó redor.

—Non veño para sacarche nada —díxolle Teresa.

Estaban as dúas no dormitorio. Teresa, tendida de fociños sobre a cama, axitaba no aire as zapatillas nunha imitación secreta de mocidade. Xulia mirou o retrato dunha muller anciá que estaba enriba da cómoda. Era esa muller a que orixinara o parentesco entre elas dúas.

Teresa comezou a lle dar consellos. Poñíase a ela mesma de exemplo. Axitándose, trataba de lle chama-la atención. Non quería que mirase o retrato. Xulia desviou os ollos para unha cadeiriña baixa que tiña un par de iniciais gravadas no respaldo. Trataba de lembrar un nome cando viu a Teresa poñerse en movemento.

—Queda quieta dunha vez. Non quero sacarche nada —repetiu.

—Vaste de viaxe —afirmou Teresa.

—Chamabámoslle Chela —dixo Xulia—. Mais, ¿cal era o seu verdadeiro nome?

Teresa logrou incorporarse e axitou unha man no aire.

—O día menos pensado sácoa de aí —dixo—. Cando me decida, se cadra regálocha.

Ergueuse e deixouna soa. Xulia volveu le-las iniciais e despois ollou de preto o retrato. Unha sombra de furor

percorría a cara da muller anciá. Non quedaban neses trazos nin vestixios do amor.

E agora, xa non se anima sequera a asomarse á fiestra. Hai dúas ameazas que, de se cumpriren, non ha poder soportar. Unha é que o auto de Luís aínda non teña chegado. A outra é que a chuvia continúe e en vez do timbre do porteiro eléctrico soe o do teléfono e Luís a avise de que non farán a viaxe. Ó mediodía ha chegar Teresa e a expresión coa que vai asomar á porta, a expresión dunha persoa que non agarda atopar a ninguén na súa casa, ha cambiar lenta e supetamente cando a vexa sentada na semipenumbra dun mediodía chuvieiro. Non a vai consolar. Vai penetrar de súpeto na súa situación, cargada de malicia, e Xulia non ha ter outra alternativa que procura-la súa maleta, coller un taxi, percorre-los predios que a separan do seu departamento e enfronta-los ignominiosos baleiros que deixou a mudanza. Daquela, cando se achegue ó teléfono, ese acto non ha se-lo primeiro dunha serie que comeza cunha chamada a un amante e remata cunha viaxe que a vai sacar da cidade. Todos estes actos xa os realizou e agora atópase neste, que é o final. Se volve chamar volverá atoparse onde está agora. É inútil que diga para si que na súa casa, cando menos, non garda o retrato dunha anciá cun sorriso furioso e esgazado de amor, nin tampouco unha cadeiriña refulxente que é o outro extremo dunha vida pola que ela agora comezou a se preguntar. Eses son obxectos dos que Teresa ignora o sentido, aínda que posúa, e por esa razón faille preguntas encarnizadas. Supón que Xulia pode responderlle porque padeceu algo semellante e furga na súa dor. Intentouno onte á noite ata moi tarde, despois da cea, sen consideración ningunha. E é que a súa dor, di Xulia para si, aínda non sangra. O golpe foi tan forte que aínda non deixou saí-lo sangue.

Soa un timbre. Non pode moverse porque o terror impídelle de primeiras recoñecer esa chamada. Despois, di para si que Teresa ten chaves e non había toca-lo timbre. Vai cara á cocíña e, cando está por despenduralo aparello branco, vese a ela mesma camiñando pola rúa, disposta a segui-la primeira voz que a reclame cun nome enteiro, aínda que non sexa o dela. Non había poder soportar que lle nomeen só os peitos, os ollos ou as pernas, e lle troncen un anaco máis do corpo.

II

A cidade remata con curros de materiais. Os donos son xente avara que ergue construcións precarias e así escatima a propia mercadoría. Non queren dar ós que viven nos arredores malas ideas, chegar un día e topa-lo curro baleiro. Como xa non hai qué mirar, a atención de Xulia desprázase cara ó ceo, mais o ceo foi ata hai tan pouco un presaxio aterrador que aínda o refuga. Sen embargo, cando cruzan a ponte as nubes ábrese, e Luís, que leva un pantalón e mais unha camisa acabados de repasar, ponse contento porque non ha ter que loitar contra o limpaparabrisas que se atasca. Pídelle a Xulia que anote ó número do contaquilómetros e que prepare un mate. Xulia xira o corpo cara ó asento de atrás onde está a canastra; sobre Zárate o ceo é aínda gris azulado. Prepara o mate con precaución e ofrécello. Luís oprímelle a man un instante; despois, estírase sobre o asento. Xulia recobra a confianza e pídelle que a deixe conducir. El di que non está canso, mais como ela insiste, promete darlle o volante despois de que pasen o posto da policía de estrada. Cando arrima o auto á beiravía embarrada e o detén, parece que lle vai recomendar algo, mais prefere calar. Acomódase no asento, reclina o respaldo e case de seguida pecha os ollos. Xulia apoia as mans no volante e arrinca. Fai subi-lo coche ó asfalto a modiño. Luís aproba e case de seguida queda durmido. O auto percorre algúns quilómetros, cruza os pontóns militares que substitúen as pontes que levou a última chea e xusto daquela, cando ela acaba de facelo manobrar con intelixencia, dá un leve bandazo. Luís, cos ollos aínda pechados, pregunta qué sucedeu. Derrapou o coche, di Xulia, o camiño é irregular. El recoméndalle que conduza con xeito. Vaile dicir algo máis cando o coche dá outro bandazo, chega a carón da beiravía, volve de seguida á ruta e esvara cara á man contraria. Xulia mira os seus brazos e as mans. Parecen firmes sobre o volante, mais, por dentro do corpo, desde o centro mesmo das costas, unha forza grande e renarte está a sacudila. Os pneumáticos fan un zigzag enriba do asfalto. Un coche que vén en sentido contrario acende alarmado as luces. Luís, incorporado e alerta, di que rebentou unha roda e recoméndalle que non free nin leve o coche á beiravía. Cando o vehículo que avanza está preto, pasa os brazos por riba dos de Xulia, aferra o volante e logra endereitalo. Xulia ve esvarar á súa esquerda a cara lenta e desconfiada dun home. Agora frea, frea ós poucos, di Luís, aperta o pedal e sóltao. Mentres, vai levando o coche a modiño cara á beiravía. O chan é irregular, os pneumáticos rebotan e Xulia convécese de que houbo algunha avaría. Frea, berra Luís, e sen agardar ergue a súa perna esquerda, pásaa sobre a de Xulia e aperta o pedal. O coche detense. Luís baixa, dá dúas voltas ó redor del e despois comeza a pegar patadas contra as cubertas. Despois, achégase á xaneliña e dille que as rodas están ben. Xulia baixa e mira a evidencia. Luís non mente. Xa sentou no asento do conductor e pídelle que suba. Desde o seu lugar, Xulia olla alternativamente a ruta e a cara de Luís que se inclina sobre o volante ata que a curta barba negra lle roza o peito. Agarda que o aceno da cara se lle aclare cando recoñeza cal é a avaría, mais el érguese,

bótase para atrás, estira os brazos e daquela, subitamente, o auto volve bandear cara á man contraria. Velaí está, berra Xulia aliviada. Luís desméntea. A dirección está ben, di, e explica: estouno probando. Bruscamente, faille dar ó coche un bandazo contra a beiravía, vólveo ó centro da ruta, lévao cara á man contraria, enderéitao, volve facelo xirar. Fai tódalas manobras con precisión, coa cara firme, coma se fose unha necesidade. Cando Xulia non pode soportar máis, pide: Non sigas, por favor.

É o único que di. Obrígase a quedar quieta no asento, aínda que erguería a man ó ombreiro onde os músculos se lle están crispando. Sobre os brazos e a perna dereita quedou impresa a forza dos brazos e as pernas de Luís. Había frega-lo corpo, mais non quere que ese aceno pareza unha escusa. Unha vaga de irritación percórrea, mais, cando está por falar, olla o perfil ríspeto do home. Á primeira palabra que diga, el ha dar un xiro na ruta que deixe a cidade de Concepción ás costas e vaille anunciar que volven a Bos Aires. Dese xeito, ha poñer fin ó favor que lle está facendo: levála con el durante uns días.

Cando á media tarde o coche colle un desvío que se abre á dereita, Luís palméalle unha perna e parece contento. Ameazar esa felicidade, pensa Xulia, sería como cuspir ó ceo. Procura na guanteira do coche o plano de Concepción e guíao ata o hotel que ela elixiu. É un edificio branco, con liviás reixas negras e un xardín que aínda está florido. O cuarto dá a un patio cuberto por céspede verde. No centro hai unha nespereira. Alta, ó mesmo nivel cá copa da árbore, está a auga do río. Luís, que planea sobre tódalas cousas coma se non as vise, volve o aceno de aceptación máis denso e tírase na cama. Xulia abre a maleta, pendura a roupa, ordena no interior do armariño do baño os seus frascos, báñase e entra de novo no cuarto envolta nunha toalla. Luís abre os ollos e aproba. "Como aquel", pensa Xulia, "que, pendurando dun fío, insultara a quen o suxeita."

Esa tarde camiñan pola cidade e á noite, no comedor do hotel, Luís chancea sobre a viaxe. Despois, cada un vai lembrando os autos que tiveron seus pais e mais seus avós. Xulia lembra un moi antigo que tiña transportíns onde ela e maila irmá sentaban. Era de César, meu avó, dille a Luís. Cando soben ó cuarto e fan o amor, Xulia logra excitarse coa propia submisión. Pero máis tarde, na noite, esperta, ve que Luís dorme coa cabeza botada para atrás e vai ata a fiestra.

Fóra está o Uruguai. Toda a tarde o contemplou. Nunca viu unha auga tan chaira e silandeira coma a deste río. Ó redor dela a xente fala e, de cando en vez, un peixe brinca ou rózao un paxaro. Mais o río permanece silandeiro, tanto, que o ruído dos remos nos toletes dun bote que beirea as illas chega preciso. O Uruguai é calmo e despectivo, pensa Xulia e volve á cama. Daquela, xunto á presenza temida e necesaria do home que dorme a carón dela, na dormente presenza que aplaca a súa desventura, comeza a lembra-la noite anterior: Teresa, o retrato da anciá apoiado enriba da cómoda do dormitorio, a cadeira coas iniciais gravadas no respaldo, e mailo home que conducía o coche de César cando o levaba a merca-los cans. O home chamábase Matías. Con furor, con súpeto furor, Xulia lembra os cans.

III

Á mañá seguinte, Luís érguese amable, coma se estivese disposto a cumprir ó pé da letra co favor que lle está facendo. Pregúntalle a onde quere ir e de inmediato bótase atrás na cadeira. Non vai acepta-lo primeiro que lle propoña. Mentres Xulia dubida, el comeza a lle mira-lo pelo. Ela lembra que hai uns instantes, fronte ó espello, a cor do seu pelo pareceulle flamexante. Leva pegado ó cranio un casco refulxente que non logra acougar. Ergue as mans á cabeza e recolle o pelo na caluga, mais Luís fai un aceno de desaprobación. Xulia pode elixir, mais desde agora dependerá do aceno ou do sorriso de Luís para saber se acertou.

Van ata un vello muíño. Está rodeado por un céspede verde que comeza inmediatamente despois da cancela. É un lugar coidado que parece deserto, mais cando xa rodearon o muíño e se asoman a un alxibe, ven saír do celeiro a un home groso e mais a un can. O home sorrí cando se achega, coma se quixese asegurarlles que as visitas son ben recibidas, mais no sorriso hai tamén algo de culpa; deberon sorprendelo no medio dunha acción que non debía realizar: quizais mentres durmía unha curta sesta ou con algunha muller que agocha. Non ten abotoada de todo a camisa que lle escapa do pantalón, nin o pantalón mesmo, e non pode ser que o ignore. Impónlle-lo seu ventre lúbrico, imponllo a Xulia, como se a ela tamén a sorprendese nunha falta e a volvese cómplice del. O can achégase, osma os pés de Xulia e logo intenta osmarlle as coxas. Ela espántao cun aceno. O coidador estalle contando a Luís a historia do muíño que vivía alí. Viñera de Suíza hai moitos anos e cando a muller lle morreu tamén el morreu de tristura. Xulia fai un aceno retranqueiro. Ningún dos homes a mira. Luís fala das colonias asentadas en Entre Ríos. A Xulia as colonias importúnana; cando o can volve achegarse, fixa os ollos no animal e con certo esforzo, aínda que decidida a non ceder, lembra os cans que César traía do criadeiro do alemán. Traíaos no coche, di para si, e mira con odio ó can manso; traíaos deitados ós pés. Nese momento, non sabe qué detesta máis: se a

teimosía con que César volvía mercar cans ou ese animal vello que ten diante. A conversación de Luís co muiñeiro prolóngase. Vai calor, o aire volveuse denso. Nalgún lugar, non sabe exactamente onde, a Xulia parécelle percibir unha brétema. O can moléstaa coma unha gran mosca pegañenta. Quita a chaqueta e, de socate atraídos, os ollos do coidador fíxanse nos seus peitos. O home mira de esguello a Luís para se asegurar de que non o sorprendeu e dá un paso atrás para escapar ó seu ángulo de visión. Daquela si, máis cómodo, volve fixa-los ollos sobre os peitos de Xulia que se marcan baixo o livián chaleco. Non parece importarlle que ela o sorprenda, que se decate de que lle está mirando o corpo. Os peitos e maillo pelo flamexante teñen para o home un atractivo que non pode resistir. Chela odiaba os cans, di Xulia para si, e agardaba que César non estivese na casa para botalos á rúa. Uns minutos despois, decide que quere mercar na casa dun paisano mel, embutidos ou plantas, calquera cousa que obrigue a Luís a dete-lo coche e a agardar por ela mentres elixe, regatea e se demora. A partir dese momento, comeza a agardar con ansias a noite. Esa muller que espantaba os cans, a que no retrato ten a cara percorrida pola furia, a anciá, aínda pode ensinarlle algo.

No transcurso da tarde, Luís comeza a sospeitar que Xulia xa non está de todo nas súas mans. Á noite, mira con fastío o restaurante acugulado e pregunta qué os espera ó día seguinte. Ten diante del un prato baleiro; está tomando viño, demasiado viño, e o humor non lle mellora. Vólvese hostil. Xulia encolle os ombreiros, sorrí, mira como ó pasar a un home que a está observando desde unha mesa próxima e propón que o tempo se deixe correr sen obrigas.

—Non temos tanto tempo —di Luís.

Ela bebe para alentarse, aínda que comprende que de seguir bebendo non ha resisti-lo sono. "E sen embargo", di para si, "hai moitos xeitos de lembrar: podo lembrar agora mesmo, lembrar ó mesmo tempo que falo, que me movo, porque o tempo que teño é moi curto. A penas tres días máis."

Esa idea volve darlle folgos. Pregúntalle a Luís pola súa nenez. De súpeto o tecido das lembranzas apresa a Luís. É un inxenuo das lembranzas, constata Xulia. Vai dunha a outra sen precaverse. Non sabe que cada unha delas o somete e que, cando chegue ó remate, vai ollar para si como agora mira con ollos baleiros os restos de peixe que ten diante. "A min, non me vai suceder iso", di Xulia para si. "Eu só quero lembrar a Chela, esa muller que unha tarde, en vez de botalos á rúa, encirrou os cans ata onde estaba Rosa e quedou mirando desde a porta do estudio como a outra retrocedía aterrada. César debía coidar que son pouco perigosas as mulleres, ou que os anos e maila carne pesada que traen acolchan a furia." De inmediato dubida e pregúntase se iso será certo. Non pode responderse porque xa a cea rematou. Luís, entenrecido polas propias lembranzas, achégase a ela cando van cara ó coche e agarímaa. E agora si que Xulia teme á noite.

IV

As luces dianteiras non están ben aliñadas. O coche sufriu un choque e, desde entón, volveuse unha gaiola perigosa que atasca o limpaparabrisas no medio das treboadas. Agora que xa están fronte ó hotel, Luís observa o reflexo dos faros sobre a parte posterior dun Falcon que se embarrou no camiño. A esquerda parece un pouco máis alta, di Xulia. Luís, sen lle contestar, baixa do coche e gabea polo talude do xardín ata a fiestra iluminada. Despois mira cara ó interior, coma se espiase.

—Hai xente que coñezo —di, en canto volve—. Prefiro que non me vexan aquí.

Mais, cando entran, Luís arríscase ata a sala onde están os diarios que chegan de Bos Aires. Mentres Xulia agarda que o conserxe lle dea a chave do cuarto, un home novo sae pola porta que dá ó comedor e avanza cara á sala onde Luís acaba de entrar. As costas e maila cabeza do home ocultan en parte o corpo de Luís, que o saudou e agora demora na conversa. O home pregunta por unha muller dun xeito casual e como obrigado. Luís dá unha resposta cómplice e o home, que está de costas, ri. Os dous xiran cara a ela e Xulia descobre que ningún agardaba vela alí. Luís bota a cabeza para atrás e entorna os ollos. É un aceno suspicaz. O descoñecido, en cambio, fai un xuízo e apróbaa. Alentada, Xulia achégase. Faría tintina-la chave que ten na man, mais parécelle excesivo. "Como un home que, pendurando dun fío", repite para ela. "Como unha muller que, pendurando dun fío", corríxese.

Esa noite oe a Luís afirmar que ela non vai levalo máis lonxe de onde el queira ir. Non debe, sen embargo, estar demasiado seguro dese itinerario porque dorme axiña. Xulia trata de lembrar como coñeceu César a

Rosa, mais distráese. "Como un elefante nun bazar", di para si. "Son tan torpe coma un elefante nun bazar."

V

O can non é do muiñeiro, a menos que a seguise. Parar cabo del xa é un risco. Achegarse e estirar unha man nun aceno amigable, un risco maior que non vai afrontar. Necesita esa man intacta para afundila no río dentro duns momentos. Pasa cabo do can, chega ó río, quita as botas e mailas medias, afunde os pés na area da praia. Despois bebe a auga xeadada do Uruguai e desexa volver alí outra vez, sentíndose algo, só un algo máis feliz. Vai intentar ser máis feliz. Desde o río, cos pés afundidos na auga, ve un bosque raro de eucaliptos e, entre as árbores, uns bungalós deshabitados. Volve ó hotel resgardando esa precaria euforia da mañá.

Luís aínda dorme, ou quizais se estea bañando. Na sala dos diarios o seu amigo nocturno toma un almorzo desaforado co dono do hotel. Entre os dous homes, a mesa está cuberta de pratos e cuncas. Na beira da mesa hai unha xerra pequena. Ós dous homes non os une un almorzo, senón un negocio: o amigo de Luís dille a Xulia que vende vaixela e que se chama Emilio. Emilio Huidobro, precisa. Xulia colle a xerra de crema. Como pola asa non pode sequera pasar un dedo, péchaa na man. O dono do hotel érguese e déixaos sos.

—Hai só dous días axudei a empacar unha vaixela de porcelana peza a peza —di Xulia—. Son moi torpe, pero desta vez non quebrei nada. Foi doloroso —confíalle—: o meu home marchaba definitivamente. Había tempo xa que non viviamos xuntos, mais agora o departamento parece devastado. Hai aínda caixas de cartón e unha cantidade de diarios espaxados polo piso. Hai marcas nas paredes. Esa mesma noite, durmín na casa dunha curmá. Ela detéstame. Non quixera volver alí cando regrese.

—A todos algunha vez nos pasou o mesmo —di Emilio. Despois, cóntalle que vende esa vaixela. Explica, coma se se desculpase, que é un traballo secundario, que lle ocupa algúns fins de semana, aínda que despois engade que o que fai o resto do tempo non é moito mellor. Di que lle gusta coñecer esas vilas que non se diferencian case unhas doutras, que non teñen ningún atractivo especial. E, sen embargo, os seus habitantes sempre aseguran que son espléndidas noutra estación e recoméndanlle que volva en primavera ou no verán. Xulia asente. Hai bungalós xunto da praia, di. Cando os vin, pensei en volver acó cando vaia calor para pasar uns días xunto do río; había saír á mañá á praia, podería nadar. Vou ser máis feliz daquela, afirma.

Emilio está seguro de que ha ser así. Despois, apremado, pídlle que garde a xerra que conserva na man e que vaia esa noite ó casino de Paysandú. Xulia esvara a xerra na carteira. Non rompe, di Emilio. Chancea, coma se quixese consolala. Xulia decátase daquela de que acaba de lle confiar a un descoñecido toda a súa desventura. Séntese torpe. "Coma un elefante nun bazar", lembra. Nesta ocasión a frase sería oportuna, mesmo graciosa, pero non sabe como introducila na conversa. Luís achégase sorrindo.

VI

O casino de Paysandú é unha imitación doutro lugar máis luxoso. Durante o traxecto Luís, que por momentos asubiaba, expúxolle as súas cábalas. Despois, cando chegaron, díxolle: Sempre xogo só, e internouse entre as mesas. Xulia, que xa non necesita finxir excitación, xira sobre ela mesma e procura o baño. No espello vixía a súa imaxe. Durante o paseo da tarde, o sol melloroulle a cor da pel. A pel torrada acouga o pelo. Quere levar esa pequena ledicia e algún nerviosismo á sala, mais só o crupier a mira cando se achega á mesa que por fin elixiu. Pide fichas pequenas: vai perder a modiño, durante toda a noite. Cando perda todo, ha poder ir ó bar e pasear entre as mesas cun vaso de whisky na man. Se non atopa a Emilio, vai sentar nunha das cadeiras de brazos que rodean o salón. Unha vez, noutro casino, viu un home que apertaba o traseiro da muller que tiña ó lado cada vez que gañaba. Non era esa a cábala de Luís. Mais agora ten que xogar. Estira a man sobre a mesa entre un tumulto de brazos que se cruzan, atórdase, dubida e, cando a retira, decátase de que deixou unha pila de fichas nun número que nin sequera lle gusta: dezaoito. As fichas están no medio da cuadrícula, así que ten unha soa posibilidade de gañar. Se as retira, a xente que rodea a mesa descubrirá que é torpe. "Vou pasa-las tres vindeiras bólas sen apostar", di para si, "así recupero o tempo." Enfronte dela hai unha muller que leva un vestido verde, con debuxos pequenos que parecen rombos. É un vestido con lapelas que abren ata o peito, onde as suxeitan catro botóns de pasta que brillan coma se aínda estivesen na vidreira dunha mercería. O home que está cabo dela tamén ten ese aspecto tan civil, tan cortés, que é algo así como un tributo social e, ollándoos, Xulia de socate cae na conta de que está no Uruguai. Pensa que se foxe deste lugar, que se esta noite ou quizais mañá colle o Onda que vai pola costa, ha chegar ó Jaguel ou ó peirao relado de Maldonado. No Uruguai, o tempo atópase nalgunhas partes detido, noutras, demorado no avance. Se chega á praia agora deserta onde pasou veráns

da súa infancia, ha poder atopa-lo propio pai, mozo, acabado de enviuar. De lle ser concedido volver atrás e modificar algo do pasado, neste momento contentaríase con rompe-lo silencio do pai. Noutras ocasións, cando se sentiu máis forte, desexou volver atrás e advertir a todos que a morte se achegaba. "Vén a morte, vén a morte", había berrar, rompendo a calma. De se atrever a loitar coa morte, a afundirille o pao dunha vasoira na negra carne fedorenta, afastándoa así de súa nai, non se atoparía no medio deste suplicio. Mantén os ollos fixos nos catro botóns que brillan sobre o peito da muller ata que ela se move, molesta. No tapete verde e baleiro o anciño desarma a pila de fichas que Xulia formou; logo empurra cara a ela dúas pilas de fichas pequenas, moradas, e dúas fichas rectangulares. O xogo vai continuar e Xulia descobre que non sabe qué facer coas fichas grandes. Se lle desen só pequenas, podería xogalas durante toda a noite. No último momento decide aposta-las dúas fichas grandes ó negro. Gaña e, a partir dese momento, é coma se sentase ó volante dunha máquina complexa que responde a tódalas súas manobras. Varias veces debe acomoda-la tira da carteira que lle esvara desde o ombreiro. Oe no interior, cada vez máis sonoro, o tintino das fichas.

—Hai que xogar para se divertir, non para gañar —di en voz alta.

A xente do Uruguai, civilizada, non dá sinais de tela oído. Só o crupier sorrí. Habíalle dar algo para a caixa de empregados, como fan os demais, mais non sabe canto. Tampouco quere deixar unha das fichas rectangulares que valen moitos pesos uruguaios. Se volve a Bos Aires con moito diñeiro amoblará o departamento, encherá os espazos ata que a casa se acugule de obxectos, tantos coma os que hai na casa de Teresa. Aposta catro fichas cadradas ó negro. Mais aínda que vaia cargada de diñeiro no Onda ata a praia xa non ha poder remediar nada. "¿Que podemos arranxar con isto?", halle pregunta-lo pai, sempre que acepte rompe-lo silencio. Recolle as últimas fichas que gañou e dá volta. Non ten que procurar a Emilio porque está tras dela, agardándoa. A túa xerra tróuxome sorte, dille Xulia.

Emilio contéstalle que está linda así, leda, e ela séntese rozada pola sorte e pola gracia. Vai poder falar toda a noite, porque as cábalas e mailas historias enfatiadas dos xogadores enmudecen ante o que gaña. Fai tintina-las fichas dentro da carteira; cando chegan ó bar, senta sobre unha banqueteta alta. Dille a Emilio que son innumerables as cousas que vai mercar con ese diñeiro, e que agora mesmo as vai anotar. Afunde a man na carteira, atravesa unha morea de fichas, palpa con recoñecemento a xerra pequena de porcelana e, cando os dedos rozan a superficie de coiro da súa axenda, inesperadamente, a súa man treme. Calquera que lea esa axenda só ha atopar anotacións. Múltiples, rigorosas, mais anotacións, xustificantes da memoria. Xulia sabe que esas son listas, ordes de actos que acumula para non ceder ó terror. As listas loitan contra a dispersión dos actos, crean coa enumeración un sentido. Canto máis se prolonga unha lista, máis se afasta o territorio inhóspito que a circunda. De cando en vez, nas follas da súa axenda, quebra a orde da lista un nome e mais un número de teléfono. O encontro co home que a chamou sucedeu antes, mais, debido ó modo lateral de se achegar que teñen os homes, parecido ó dos paxaros, que brincan para diante mentres miran cara ós lados, ela non comprendeu qué o atraía. Cando chega a chamada por teléfono, en cambio, si. Agora, por exemplo, o xeonllo de Emilio roza o dela e sen embargo ela non podería dicir: "achegouse"; porque o espazo entre as banquetas é breve e se Emilio fala mirando cara a onde ela está non pode deixar de rozala. Pero Emilio non se está achegando. Está máis atento ó que sucede no salón que a Xulia. Xira a banqueteta, bótase para atrás, apoia un cóbado na barra e chama en voz alta, aínda que non berrando, a Luís que xa os viu. Gañei, dille Xulia a Luís, e el case de contado contesta que ten que pagar un festexo. Van ir a unha discoteca que está preto do casino.

VII

Fóra está o río, mais non pode miralo, aínda que tampouco o esqueza un só instante. Debe coidar que os tacóns non embelequen na pedreira nin se lle embarren: ningún dos homes que camiñan cabo dela lle tendeu o brazo. No interior da disco, un aro de luz pinta de cor violeta as cabezas dos que bailan; ó redor, a escuridade é tan intensa que Xulia detense. Nese momento, unha man suxéitalle a caluga; os dedos fúndense, suaves e tensos, no seu pelo. Tamén a escuridade podía coarse, pensa Xulia; poderíase criba-la zona bretemosa e leve que a luz violeta ilumina aínda que non logre atravesar. Acariña-la cabeza das mulleres é un hábito dos homes altos. Agora distingue a Luís que se volve a medias, alonga un brazo, cóllea dun cóbado e faina avanzar entre as butacas circulares. Cando sentan ó redor da mesa e un mozo se achega a eles, Luís mírao coma se viñese interrompelo; logo, lentamente, indicando que se sobrepón a esa situación molesta, pregúntalles a eles dous qué van beber. Xulia pídelle ó mozo que traia unha botella de whisky, aínda que quereda pedir champaña e copas para brindar. A caricia non se repite. Os ollos de Xulia, afeitos á escuridade, observan a Luís que, case dobrado sobre os seus xeonllos, bate cun dedo a beira da mesa coma se marcasse con cada golpe unha cadea de feitos. Coa escuridade, a cara volvéuselle máis ríspeta e máis negra. Xulia desvíaa os ollos. Na mesa que está cabo deles hai un grupo grande e disperso. A

máis próxima a eles é unha rapaza delgada. Está facendo grandes esforzos por atrae-la atención dalgún dos homes, mais vese que leva tódalas de perder. Mentres a observa, Xulia compárase con ela e séntese contenta e xenerosa; quixera concederlles algo ás mulleres morenas e fráxiles. Esa rapaza que lle dá un pouco de mágoa faina sentirse seductora ata que un dos homes do grupo se bota para atrás e aparece a muller que é en verdade atractiva, aínda debaixo do vestido que lle queda grande e lle esvara a cada momento. Os homes que están ó redor mírana coma se espiasen a través da porta do seu dormitorio a confusa morea de roupa que deixou enriba da cama e pregúntanse por qué elixiu ese traxe e non outro máis cinguido. Mentres desvelan o enigma, métense co seu nome. A muller chámase Olga, ou acaban de bautizala así.

—¿Como vai este festexo? —pregunta Luís.

Ela non é Olga. Soa, non vai poder cos dous homes que ten na mesa.

—Aquí, ó lado —di Xulia, cando se volve—, hai unha rapaza que non o está pasando ben. Poderíamos convidala.

—¿A rubia? —pregunta Luís.

Di que non, que é a morena; cre coñecela dalgunha parte. Luís inicia un aceno; ela non agarda que o conclúa. Ponse de pé e procura á rapaza que fala e ri nun último esforzo por se mostrar atractiva. Xulia non pode lograr que a oia e comeza a se cohibir. Xa está por desistir cando do outro lado da mesa un corpo ponse en movemento. Coma un arroaz amigable, Olga trata de empurra-la rapaza morena ata a praia.

—Rosa —di—, paréceme que te andan buscando.

Algo lle sucede a Xulia cando esa muller lle presta a súa axuda. Séntese coma se fose de metal, por dentro e por fóra, dun metal livián e ó mesmo tempo resistente e flexible. Pasa por riba das pernas estendidas que rodean a mesa coma se os homes lle importasen tan pouco como á arroaz, colle a Rosa polos ombreiros e dille que a convida a festexar con ela, porque gañou no casino.

Rosa ten a cara pequena, en óvalo, ou, máis ben o queixelo nun ángulo agudo, lindos ollos e o pelo brillante. Na primeira metade do aceno con que acepta a invitación está aferrándose á táboa de salvación que lle tenden, mais na outra metade xa volve amosarse vivaz e disposta ó que veña.

—Ela é Rosiña —di Xulia—. Coñecémonos durante un veraneo. ¿Onde foi que nos coñecemos, Rosiña?

—Nun veraneo —repite Rosiña.

—Ben —di Emilio—, xa somos catro. ¿Que vas tomar, Rosa?

—Xulia convida —di Luís.

—A min, non —di Emilio—. A min, polo menos, non.

—Xulia paga as copas e tamén convida as amigas á mesa —insiste Luís e debrúzase sobre Rosa—. ¿Gústache o que están tocando?, porque se non che gusta, Xulia fala co disc-jockey agora mesmo. As bocas pintadas de vermello vólvenme tolo, Rosiña, non rías así.

—Rosa —di Xulia, pero Luís colle á rapaza da man e lévaa con el baixo a luz violeta que agora se volveu vermella.

—Que pesado —di Emilio—. Nunca aprendeu a bailar.

Nalgunha época, sen embargo, soubo, pensa Xulia. Está intentando volver a eses anos coma se encadease citas ou lembranzas. Rosa sacódese fronte a Luís, mais el de primeiras non lle atende. A ollada de Xulia queda fixa no corpo de Rosa, furga nel, escudríñao. Agora si que parecen divertírense. Rosa fai un paso de baile e Luís séguela. Así deberon ser eles, pensa Xulia, así deberon bailar e ensinárense un ó outro na súa vida moza antes de que os fillos e maila morte viñesen dicirlles que eran un par de imbéciles, parados sobre

a cortiza do mundo sen precavérense. E el quedou despois cos brazos e mailos ollos baleiros, en silencio, e non falou nunca máis de miña nai. Non a volveu nomear sequera. Coma se ela fose soamente del, pensa con rancor. Luís abraza a Rosa. Xulia quixera que volva abrazala e que permanezan así toda a noite. Ela halle pedir ó disc-jockey que siga sen parar placa tras placa, e quedará ollándoo, feliz. Mais Luís volve a cabeza cara a onde están eles, debrúzase sobre Rosa coma se estivese por dicirlle algo, cambia súpeto de idea e comeza a se achegar. Só no momento en que estende a man cara a ela nun golpe aberto Xulia decátase de que Emilio a tiña abrazada. Non pode explicarlle a Luís que ese era un aceno inocente, porque xa Emilio a botou para atrás. Ve pasar por riba da cabeza un puño que bate no aire. Luís recomponse, pasa as mans polo pelo e, cando Emilio se achega a el, aleivosamente pégalle na cara. Os homes da mesa do lado achéganse e aléntanos.

—Por fin animouse a noite —di un dos homes e achégase abrazando a Olga que ergue o ombreiro do vestido. Érgueo mal, a medias, de xeito que de inmediato volve caer. Da irritación que crea ese aceno inútil nace desdén e fastío por calquera tea que cubra ese corpo tan fermoso, inxustamente velado. Xulia, esquecida dos homes, contéplaa. Olga, afagada, decide de novo axudarlle: ergue o brazo, xira a man e vólvea mentres frega entre eles o polgar e mailo índice. Estalle dicindo que atenda ós seus cartos. Xulia lembra a carteira acugulada de fichas que aínda non cambiou e comeza a procurala a tentas sobre as butacas de coiro. Non a atopa; desacougada, volve mirar a Olga que, xa excedida nas súas funcións, sinálalle o piso. Xulia inclínase sobre a alfombra, pero o cheiro sucio e denso non a deixa axeonllarse. Anicada, apalpa a moqueta e atopa cabo do pé central da mesa a carteira entreaberta. Cando sente o peso e o tintinar das fichas énchese de xúbilo; non lle importa a liorta que continúa máis arriba, senón só mostrarse digna da axuda que lle prestou Olga. Busca ó redor da carteira e atopa dúas fichas rectangulares; sigue tentando, mais ningunha outra caeu. Érguese e colle o abrigo. Cando pasa xunto de Olga quere agradecerlle, mais ela non a atende. Xulia pensa que esa muller debe ter algunha debilidade mental. Ela, en cambio, séntese egoísta e perversa; nunca antes se sentiu así. É moi bo.

VIII

Fóra vai frío. Suxeita a carteira entre os xeonllos e pon o abrigo. Camiña cara á porta iluminada do Casino rodeada polo olor da auga que vai permanecer toda a noite. Cando está cambiando as fichas por billetes, atopa a xerra de porcelana. Parécelle unha lembranza para turistas; non sabe qué facer con ela. Detrás da xaneliña o caixeiro demórase. Pregúntalle se quere diñeiro arxentino ou uruguaio.

—Metade e metade —contesta.

Coa carteira baixo do brazo, non sabe onde ir. Pensa que é perigoso levar eses cartos tan expostos e vai ó baño. Entra nun dos cuartos e mexa como se xa non puidese conterse máis. Despois, aplanada o faixo dos billetes e agóchao sobre o ventre, suxeito polas medias que lle chegan á cintura. Xa está lista para viaxar. Sae do cuarto, e mírase no espello. Está retocando os labios cando ve que Rosa sae doutro dos retretes. Pregúntase se a seguiría; quixera eludi-lo encontro, pero Rosa achégase. Di que golsou hai un momento e que os homes están na oficina do xefe de vixilancia. Dentro dun momento, di, lárganos. Ela quere ir fóra porque necesita toma-lo aire.

Cruzan o salón. Xulia obrígase a mira-las mesas: ninguén as observa ou, polo menos, non dalgún xeito especial. Rosa ten as chaves do coche. Luís deullas, explica, para que Xulia o agarde na explanada do estacionamento. Despois dubida, como se xa non soubese qué facer. Xulia faina subir ó coche e pon o motor en marcha.

—Poderíamos irnos de viaxe —propón. Arrinca, e fai avanza-lo coche sobre a pedreira do estacionamento que estrala.

—¿Onde vas? —pregunta Rosa.

—¿Onde vas, onde vas? —repite Xulia.

Debaixo das mans, o volante está frío pola noite e maila agarda. Acende as luces e o taboleiro ilumínase.

—Hai un faro que está desaliñado —explícalle a Rosa—. Podería pararnos a policía de estrada, aínda que os uruguaiois son amables.

—Eu son de Bos Aires —di Rosa—. Se vas seguir, baixo.

Xulia crava o freo e a cabeza de Rosa pendura para diante.

—¿Mancácheste? —pregunta.

Rosa nega coa cabeza e di que ten ganas de trousar. Xulia leva o coche baixo dunhas árbores. Vixía á dereita as luces do Casino e mailas da explanada do estacionamento.

—Cóntame algo —di—. Así haste distraer. Fálame dos homes que coñeciches.

Rosa abre a porta, inclina a cabeza e ceiba un cuspe denso.

—Cústame golsar —di—, o vodka fíxome mal.

—¿Vodka? —pregunta Xulia.

—É unha bebida tan transparente —explica Rosa—. Non coidei que me fose facer mal. —Reclínase no asento e pecha os ollos—. Cos ollos pechados é peor —di, e ábreos—. Coñecín un avogado. Era moito maior ca min.

—¿Foi o primeiro? —pregunta Xulia.

—Era moito maior ca min —repite Rosa—, qué sei eu quen foi o primeiro. Que imbecilidade. Foi o meu primeiro traballo, iso si. Un amigo da miña familia coñecía e entrei de secretaria ó seu estudio.

—El estaba casado —afirma Xulia.

—¿Cóntalo ti ou cóntoo eu? —pregunta Rosa. Parece enfasiada—. A muller era maior ca el, si, unha anciá. Mais eu non o busquei. El tiña cans. A muller odiábaos e botáballos á rúa. Eu tamén odio os cans, mais téñolles terror. Ela non lles tiña medo. Arreábaos para o estudio cando eu estaba soa. Unha filla de puta, esa vella.

Xulia apoia os brazos no volante. Non se atreve a mira-la muller que ten ó lado.

—¿E daquela? —pregunta.

—Vén xente —di Rosa—. Paréceme que son eles, é Luís.

—El chamábase César —afirma Xulia.

—Nada diso —di Rosa e baixa do coche. Pecha a porta, asoma a medias a cabeza pola xaneliña e recoméndalle—: Ten coidado.

—Quero verte —pídelle Xulia.

—Eu ando sempre por aquí —di Rosa.

Xulia acende as luces altas para lle ilumina-lo camiño, pero Rosa fai un aceno de fastío coa man. Sen deterse cobre a cabeza cun chal ou cun pano. Desde os ombreiros delgados pendúralle sen gracia o abrigo negro e livián. Ladea a cabeza, debrúzase e cospe. Antes de erguerse mira para atrás, non sen un aceno furtivo nin disimulado, senón coma se quixese asegurarse de algo.

—Viñemos ó Casino porque querías atoparte con Emilio —di Luís e senta fronte ó volante.

Xulia négao. Nega convencida porque Rosa acaba de recomendarlle que se coide.

—Perdín todo o que tiña —di Luís—. Non teño diñeiro para paga-lo hotel. Mañá volvémonos.

—Non —di ela.

—Vas seguir con Emilio —di Luís.

—Non —repite ela—. Pero non quero volver. Vou alugar un bungaló á beira do río. Necesito descansar.

IX

Os bungalós están espaxados no bosque raro de eucaliptos, abafados por tellados de tellas que chegan case ata o chan. Á mañá, Xulia foi dun a outro coma quen elixe un cuarto nun hotel e finalmente aceptou o primeiro que o administrador lle ofrecera. O administrador era un home fraco, consumido por algunha preocupación que parecía telo noutro lugar, de onde volvía cun sentimento de culpa. Desde a fronte do bungaló Xulia pode ve-lo río, mais non atopa no interior unha tumbona ou hamaca que poida sacar ó xardín. Procura unha cadeira de comedor e crava na terra reseca as patas torneadas. Luís, sentado dentro do coche, follea o diario da provincia. Xulia volve entrar, e empurra a mesa a un lado do comedor para deixar algún espacio libre; o único que logra é deixar ó descuberto o piso de mosaicos plásticos veteados de gris e negro. Luís dille que deixe os mobles como están. Con esforzo, Xulia acepta. Teme que Luís marche. Non sabe qué é o que pensa. Desde onte á noite míraa actuar en silencio.

Camifian pola beira do barranco. Luís déixaa ir un pouco diante; só lle falta arrastra-los pés para arremedar a un rapaz que segue á nai sen gana. Ó cabo, Xulia cansa de agardalo en cada tramo. Atopa un vieiro que baixa cara ó río e séguelo ata que chega a unha extensión cha que se prolonga paralela ó camiño e que aínda agora, en outono, queda agochada polas variñas esfolgadas dos salgueiros. Chama a Luís e, cando el chega a carón dela, dille que aquí, baixo dos salgueiros, deben face-lo amor as parellas durante o verán. Aínda ben non remata de dicir iso, a cara de Luís vólvese ríspeta; acúsaa de provocalo. Xulia nega, di que é só unha broma, pero Luís apóialle as dúas mans nos ombreiros e tíraa ó chan. Ela intenta erguerse: el bátelle cun xeonllo no peito e bótase enriba. Cunha soa man logra suxeitarlle o pelo na caluga, e acanéaa. Xulia trata de resistir. Non lle viu antes unha cara tan negra e furiosa. —Se te deitaches con el, vouno saber, di Luís e arríncalle a camisa. Míralle o peito e mailas costas unha e outra vez e como non atopa sinais apértalle os peitos. Xulia berra. Mordeute, di Luís e volve acaneala. Tena suxeita contra o chan e, de cando en vez, mira cara ós lados. Non mira para arriba ou para abaixo do barranco, desde onde alguén pode vir ou velos, senón a terra dura e reseca xunto deles, como se a terra estivese agochando algo. Anícase e aférralle as pernas para lle tira-las botas. Xulia deféndese, bátelle as costas e maila caluga, pero Luís demostra ser máis forte. Agora ten outro propósito. Cando consegue sacarlle o pantalón, fúndelle a man na vaxina, coma se se coidase un médico experto, capaz de descubrir só polo tacto as pegadas doutro home. Xulia furiosa bátelle na cabeza pero non logra nada. Luís retira a man, érguea e obsérvaa á luz. Non está seguro, non pode estar seguro. Íspese, e aínda furioso e tolo como está, vólvese fráxil. Achégase con ollos entornados porque non se anima a mirala. Tampouco está excitado. Xulia pasa os brazos debaixo dos brazos del e agarímao, primeiro as costas e despois o sexo ata que o sente erguerse. Axúdalle a penetrar a modo porque aínda sente dor e Luís fúndelle a cara no ombreiro e xeme.

Nese momento, Xulia veo. Está parado preto deles, un pouco distraído, como un capataz de galeotes canso de azoutar, como un home que se detén a observa-lo mundo dos humanos despois dunha atroz tarefa. Pero non é un home. Ten os cornos anelados, a testa rillada por un eccema e a pel rañada e fedorenta. De cando en vez raña coas longas uñas as inguas e sacode o sexo. Cando Luís e Xulia soben novamente o barranco, vai diante deles. Xulia interpón o corpo para agocharllo a Luís, porque é atroz que un home vexa a imaxe da súa penuria. O demo gabea lento, canso do traballo, arrastrando case os pezuños, sucios polo barro do río ou a bosta das vacas. Xulia retarda o paso, agarda que marche, non quixera chamalo nunca máis.

Ó solpor, Luís acende lume na precaria grella que está tras da casa. Xulia senta sobre a parede de bloques de cemento que debe indicar algún límite do terreo e volve senti-la dor nas costas e nas coxas. Luís téndelle unha copa de viño. Toda a tarde realizou acenos coma ese; logo comezou a procurar leña sen lle dicir nada. Non pode parar moito tempo ó seu lado, nin mirala. Vai ata o coche, ergue o capó, controla o aceite e, cando regresa, comeza a contarlle que, hai tempo, conducía o coche dun home que tiña unha amante. De primeiras, divertíame con este traballo, di. Demorábame por aí, parolando coa xente ou no bar, xogando ó truco cos taxistas. Por veces ficaba sentado no coche toda a mañá estudiando ou lendo o diario. Case sempre cando estaba aí, medio distraído, ela subía ó coche e sorprendíame.

—¿Quen? —pregunta Xulia—. ¿A amante?

—Non —di Luís—, a muller do meu patrón. Eu arrincaba e, mentres agardaba que me dixese a onde quería ir,

case por costume, seguía o mesmo percorrido que adoitaba facer co marido e maila amante. De socate decatábame, espiábaa polo espello e batía cos seus ollos. Víalle a cara vella e pesada tan preto que me parecía rozala. Preguntáballe: "¿A onde imos?". E ela non me contestaba. Daquela, seguía o percorrido.

—¿A onde ían? —pregunta Xulia.

—Ó lago —di Luís—. Ela miraba os paseos e maila rosaeda. Adiviñaba os lugares onde eu me detivera con eles dous e erguía unha man para me facer sinais de que conducise máis a modo.

—Eles dous ¿perdíanse no parque? —pregunta Xulia.

—Quedaban no coche —di Luís—. Era eu quen me afastaba. Ela tamén parecía sabelo. Cando me facía baixar eu pensaba que debían arderlle as nádegas que tiña apoiadas riba do mesmo inferno. Despois dun tempo, tiveron medo de deixala soa.

Xulia vai ata a beira da grella onde quedou apoiada a botella de viño e enche a súa copa.

—¿Que temías? —pregunta.

Luís fai un aceno, coma se non o soubese. Despois pon a carne enriba da grella.

—Era unha situación perigosa —di—. Unha tarde, cando volvemos, soubo que el saíra e meteuse no estudio. A amante traballaba con el.

—Rosa —afirma Xulia.

—Non. Non lembro que se chamase Rosa.

—Sigue —pide Xulia.

—A muller achegouse ó escritorio onde a outra traballaba e quedou mirándoa. A rapaza, molesta, parou e ela quedou quieta un momento. Despois foi ata a porta, pero a metade de camiño cambiou de idea e volveu. E a outra, a amante, que volvera sentar, tivo que parar de novo. Ela repetiu o paseo varias veces: a rapaza paraba, sentaba, e volvía parar coma se a tivese atada cunha corda. Ó cabo, foi a unha cadeira de brazos que estaba enfronte do escritorio da rapaza, sentou e quedou alí.

—Quería asustala —di Xulia.

—Non. Estaba pensando. Decidía qué facer. Había un xeito de resolver todo o asunto. Ó día seguinte deixei o traballo. Era perigoso.

—Foi Rosa quen che contou esa historia —afirma Xulia—. E esta mañá chamáchela desde o hotel. Veu coa conta unha comunicación a Paysandú.

—Quería saber como estaba, máis nada —di Luís—. Tamén falei con Emilio.

—Ese home, ese avogado, ¿tiña cans? —pregunta Xulia.

—Non. Non tiña cans. Falei con Emilio —repite Luís.

X

No momento de espertar, volve o soño. Hai unha pía. Aínda que o verán xa rematou, a xente segue bañándose sen renova-la auga nin botarlle cloro. A un lado da pía, de costas, cunha man apoiada no borde, hai unha muller sentada. Leva un traxe de baño enteiro, de cor rubí, e o pelo longo peiteado dun xeito algo antigo. Cabo dela hai un salgueiro. As pólas caen sobre a pía chea dunha auga tan toldada que parece collida do río.

Ó lado de Xulia, a cama está baleira. Sobre o embozo, do lado onde dorme Luís, vense manchas de café dalgún almorzo.

Xulia érguese e de súpeto detena unha dúbida. Non sabe qué facer primeiro: se ir á cociña e quenta-la auga para o café, ou ir ó baño. Sentada no baño, cos cóbados apoiados nas coxas espidas e a cabeza inclinada, pensa como vai organiza-lo día. Cando atravesa a porta do baño, unha nova dúbida detena. Non sabe se regresar ó dormitorio, buscar un papel e organiza-lo seu día, ou ir á cociña e poñe-la teteira ó lume e, mentres a auga se quenta, busca-lo papel e mailo bolígrafo, mais resístese. Decátase de que se está resistindo e tamén que, aínda que se resista, está caendo. Pode rir dela mesma, mais o riso vaille rematar cando empece a cumprir-los actos do día tal como os organizou. E doutro xeito, non sabe.

—¿Como facer? —pregunta, en voz alta.

Senta nun banco da cociña. Alisa sobre o corpo a camiseta de algodón. Imaxina ese día. Quere cambia-los mobles de lugar, dependura-los cadros máis feos, pedirlle ó administrador lámpadas porque a luz das arañas enérvaa. Quere facer compras e lava-la súa roupa. Organiza o día na cabeza e a medida que o fai, o tempo vaina cubrindo. Podería arrinca-la camisa, mais non pode arrinca-la pel nin a membrana das pálpebras. Os indicios veñen de lonxe. Pode fialos desde épocas remotas do seu pasado. Non se desencadean agora, súpetos. Acuguláronse e agora chegan, imbatibles. O tempo trae impulso e agora instala os segundos, os minutos, as horas de cada acción que non debe ser nunca máis inútil. Agora, malia que un chorro de bafo se erga desde a teteira, Xulia non pode xira-lo mando. Calquera aceno, e tamén permanecer inmóbil, ordénase. Mira a través da fiestra a póla sucia dun eucalipto e, máis alá, o ceo límpido. Hai algo que pode salvarla: soubo preserva-lo hábito inútil de mira-lo río, as árbores, calquera organismo a penas vivo, mutable e, sen embargo, indiferente. Irá ó río, camiñará pola beira. Non lle importa verse a ela mesma camiñando polo bordo da auga co pelo flamexante. Cando afunda no río os pes descalzos vai conquistar un minuto baleiro. Quizais cruce con alguén, quizais Emilio volvese a Concepción e a está procurando. Agora sabe qué lle urxe facer. Vístese, inclina a cabeza para adiante mentres cepilla o pelo, e logo enderéitase e óllase no espello. Chega á porta de entrada e daquela descobre que o picaporte, cómplice solapado do mando da cociña, se lle resiste; a porta, aliada, resístese. Di para si que non debe procura-la chave nos lugares da casa onde podería estar, porque logo ha continuar procurándoa nos lugares onde xamais a vai atopar. Sabe que Luís marchou levando a chave e mailo coche. Retira a man do picaporte e mira a palma. Na palma ten manchas moradas; a unha desas manchas érgueselle a pel. Luís deixouna pechada e, cando regrese, vai dicir que non quixo espertala e que tampouco podía deixala durmida coa porta aberta nun lugar tan solitario. Se a atopa desgrefñada vaina mirar con abraio, e se a atopa acougada non crerá nese acougo. Hai outro hábito inútil que pode axudarlle: adoita escudriña-los obxectos e coñece os seus usos ocultos. Vai á cociña, procura nos caixóns, atopa unha maza de madeira e volve á porta. O cuadrante inferior é amplo, a humidade do río debilitou a madeira. Axeónllase no piso e comeza a bate-lo rectángulo rodeado por listóns. Cando un dos golpes fende a madeira, comprende o que está facendo. Proba a resistencia dos tirantes laterais, e logo volve ó centro onde os golpes son máis efectivos. As mazadas retumban: alguén pode oílas e achegarse. No baño, envolve a maza cunha toalla e regresa. Consegue atravesala prancha interior e descobre outra, xemelga, que dá fóra. Non importa, di, cada cousa ó seu tempo. A prancha está rachada, pero hai que desprendela. Coa coitela da carne fai panca nos laterais de madeira ata que a arrinca. No interior da porta aínda hai serraduras e un vello cheiro a madeira nova. A prancha exterior, debilitada pola intemperie, é máis doada de atacar. Xa pode ve-lo pasto e mailas sucias laxes de cemento que anteceden á porta. Volve á cociña, garda a maza e maila coitela, pendura a toalla no baño. Anícase fronte do rectángulo aberto, esvara primeiro a carteira e despois, a modiño, con coidado de non engancha-la roupa, o corpo. Ponse de pé e sacode a terra dos xeonllos e das mans. Non hai ninguén nos arredores. Agora sabe o que ten que facer: camiñar pola beira do río ata unha rúa que suba á vila. Vai mercar un diario e ha sentar na mesa dun bar onde pode pedir un almorzo. Cando remate o café, quizais pense na muller anciá do retrato. Se teño gana, di, se teño gana.

XI

—Podo contarlle ó administrador que foron ladróns ou que fixen un burato na porta para que pase o gato —dille a Luís—. Mais prefiro dicirlle a verdade: teño claustrofobia e non soporto o encerro.

Xulia fala como unha persoa que se enfrenta á súa enfermidade con afouteza. A liberación que conquistou esa mesma mañá abre diante dela un foxo que Luís non pode saltar. "E está tamén o diñeiro que gañei", di para si. "Luís non ten diñeiro."

Pero as cousas non son así. Luís, que está contemplando a través da ventá do café os plátanos amarelos,

as casas antigas e mailas portas de cancela, xira con calma a cabeza e dille que conseguiu diñeiro. Van partir xa, neste momento, de inmediato. Tódalas cousas de Xulia están no auto. Revisou varias veces o bungaló. Non quedou nada, non esquecen nada, van partir agora.

Xulia pregúntase se Luís recollería as súas cousas con odio ou con piedade. Quixera saber cómo dependurou a roupa do armario, cómo ergueu a roupa interior húmida que había no baño, cómo gardou os seus frascos e mailo cepillo. "Cando desfaga a maleta", pensa, "na desorde violenta ou na orde torpe e conmovedora con que pregou o meu chaleco vermello vou descubrir con qué ánimo saíu dese bungaló." Pero Luís acaba de dicirlle que conseguiu diñeiro. Iso significa que xa non a necesita, nin tampouco a odia, e que na maleta a súa roupa ha estar gardada como se garda a roupa que non nos pertence e que a penas se toca porque tanto ten que rozase un corpo coñecido que calquera outro corpo.

—Teño que devolverlle a chave ó administrador e paga-lo arranxo da porta —explica Xulia—. Voulle dicir que alguén intentou roubar.

—Haberá que facer unha denuncia —di Luís.

Trata de acosala, quere que reciba algún castigo pola súa falta.

—Pódolle deixa-lo diñeiro a Emilio e pedirlle que se encargue el —di Xulia—. Aquí, todos o coñecen.

Luís non acepta. Quere ser el quen fale co administrador.

—Vou procurar a Emilio —repite Xulia—. É mellor un terceiro.

Luís inclínase sobre a mesa, cóllea do brazo e crávalle os dedos. "Non teño medo", pensa Xulia. "Xa non lle temo. Sempre se pode furar unha porta, ou romper un vidro cunha cunca. Todo é cuestión de decisión, hai que estar disposta a ir máis alá do outro, a supera-lo seu límite." Pero despois, cando mira a cara de Luís que se achega a ela, ve que os ollos se lle pechan. Sobre o brazo os dedos que a aprisionaban afrouxan, a palma apóiase con cansazo. "E daquela", di Xulia para si, "qué faciamos, qué era todo isto que parecía. Tan próximo é o límite." Nese momento, lembra ó demo que só ela viu no barranco e compadecería a Luís, mais só un instante despois, nidia, grallona e coñecida unha voz dille ó oído que foi Rosa quen lle deu os cartos.

—Ou Emilio —precisa a voz—. Todos están da súa parte.

XII

O administrador dos bungalós ten sobre o escritorio un diario do Uruguai aberto na páxina central. Veos entrar e incorpórase a medias. Convídaos a que adianten e senten, coma se os vise hai pouco e quixese continuar algunha conversa interrompida. Xulia comeza a falar; el inmobiliza a cabeza e fixa os ollos un pouco máis aló do diario, porque as palabras dos outros son sempre difíciles e ten que realizar un esforzo especial para non distraerse. Ó pouco asente, e está xa de volta desa historia. Sacode as mans para indicar que non necesita máis explicacións. A enfermidade dunha muller, unha enfermidade nerviosa: o temor ó encerro, é algo que el comprende, máis aínda, que é quen de vivir en carne propia. Acúsase de ter sido pouco previsor: cun xogo dobre de chaves, evitaría a penosa circunstancia. Cando el se descobre negligente —explícalles— embárgao un sentimento de culpa, de fastío ante a súa conducta. Noutros casos, en cambio, séntese impotente, inútil. Iso ocórrelle cando, malia ter previsto un desenlace, non pode facer nada por modificar un destino.

—Porque é un destino —argúe— o destas rapazas, que roldan por aquí e o día menos pensado aparecen afogadas na praia.

Colle o diario e faino xirar sobre o escritorio. Xulia ve as letras do titular esvarar baixo os ollos e unha fotografía esvaída que vai ó seu encontro. Cando está por abri-la boca para pronunciar un nome, a man de Luís, que ata ese momento estivo sentado un pouco detrás dela, apóiase alarmada enriba do seu xeonllo.

O administrador botouse para atrás. Ten os ollos fixos neles, mais só vixía os propios pensamentos.

—¿Quen pode abraiar de que os turistas fuxan, espavorecidos? —di.

—Nós non sabemos –deféndese Xulia.

Tamén isto pode explicalo o home.

—O ambiente –di, ergue as mans e prega o nariz coma se falase con estranxeiros que necesitan acenos para comprende-las palabras–. Véntase no aire a ameaza. Estas rapazas que roldan o casino. Os homes que viven acó, enfasiados. Non tódalas esposas soportan coa mesma calma os sinais que indican a fin do amor. Eu coñecín unha muller, a esposa dun avogado. Esta muller déralle xenerosamente a este home, na mocidade, todo o que ela tiña.

Xulia mira a cara ansiosa do administrador con fastío. Non chegou aquí para escoitar ó dono dunha inmobiliaria.

—Obviamente, el ía abandonala –adiántase.

En silencio, o administrador óllaa. Entre os dous, sobre o escritorio, contundente, atópase o pensamento que o fixo cavilar durante tantos anos. Por primeira vez atopa con quen compartilo, pero agora dubida. Unha vez que remate de falar, esta muller que está enfronte ha partir. Quixera dilatar ese momento.

—Para os que nacemos aquí –di–, a vida é sinxela. Cando somos novos creamos hábitos e, desde ese momento, podemos realiza-los actos que demanda a subsistencia e, ó tempo, atopámonos nalgún outro lugar, matinando. Cadaquén é dono de elixi-lo tema dos seus pensamentos. Sobre esta muller matinei longo tempo. O amor entre os homes e mailas mulleres é un obxecto tan complexo, que pode encher esta vida baleira. Ó cabo, dei coa clave. O que a moveu a actuar como o fixo non foi o temor a se ver abandonada. Era unha muller forte, capaz de estar soa. Decidiuse a actuar cando comprendeu que se o home había de darlle á amante os mesmos dons que ela lle dera a el, escurecía o fulgor dos actos máis prezados da súa vida. ¿Que fixera ela, que podía facer ela, que el non puidese repetir e aínda superar? ¿Comprende, señora? –pregunta o home, agora ansioso.

—Non quero saber máis –di Xulia.

—Matou á amante, si –afirma o home–. Matouna cando ela o estaba agardando no Uruguai para casar, divorciarse, o que fose. Matouna ou fíxoa matar, quen sabe, tanto ten.

Xulia inclina a cabeza, déixaa descender ata que roza a páxina aberta do diario, apoia a meixela e pecha os ollos. Sente olor a rosas. É un olor vello pero vivo, vivamente antigo, teimosamente vivo aínda que sexa vello. Séntese enfasiada de persegui-la furia do amor e os combates. "Pero as mulleres", pensa agora, "tamén deberían bicárense na boca, oh Rosa, algunha vez, bicárense."

XIII

Moi pouco despois, o coche colle a estrada. Xulia pídelle a Luís que se deteña. Logo descende e procura a maleta. Camiña pola beira da ruta ata que ve entre as xunqueiras unha garciña branca. Está inmóbil, coma se temese con algún movemento turba-la propia beleza. Deixa pasa-lo tempo contemplándoa, ata que a garza comeza a camiñar erguendo as patas perpendiculares e se agocha na xunqueira. Dentro dun pouco, di Xulia para si, halle escribir a Teresa. Agora vai cruza-lo Uruguai. Ha procurar un Onda que a leve á praia, deserta nesta época do ano.

TÉGULAS

Penetrou no túnel azul, viu reflectir unha tégula na escuridade e detívose. O museo de Ancud era un labirinto despótico. Cada sala había conducila á seguinte a través dun corredor tan agochado que a primeira vista negaba a continuación, e así obrigaba ós turistas a se demoraren diante de cada vitrina. O túnel desembocaba na sala onde se amorean puntas de frecha, coitelos de pedra, vestixios recortados e ameazantes dunha vida que os arqueólogos ordenaban sen receo. Kevin preferira quedar nos patios, onde agora paseaba entre as pezas máis grandes do museo. Kevin era sempre moito máis arteiro do que a Laura lle deixaba ver, pero a ela mesma ninguén a estaba observando e podía seguirle o exemplo. Xirou e

comezou a retroceder ata a entrada. Ía deixando ás súas costas unha restra de obxectos pequenos.

Fóra, os patios eran tan amplos que a réplica da Ancud parecía unha barcaza e, por iso mesmo, máis afouta a tripulación que lle gañara de man ós ingleses en Magallanes. A cunchiña que cubría o chan reverberaba co sol e Kevin, logo de pasear so a sombra da galería, agardábaa no patio dos seres fantásticos. Coñecera a Kevin case ó comezo da viaxe, nalgunha das xaderías de Reñaca, onde só a cor pálida da pel volvía ó rapaz diferente das rapazas que estendían as longas pernas enriba da area. Dalgún xeito casual fóronse atopando nos albergues, ata que unha noite, en Puerto Montt, el chamou á súa porta. Durante os primeiros días, a Laura irritábaa tanto deixarse acompañar por Kevin como por un inimigo traidor ás súas obrigas; cando chegaron ó sur de Chile, pensou que el había preferi-la compañía das bávaras xigantescas que falaban un estraño español á dela e, como non foi así, preguntoulle se unha sudaca zurda coma ela era para un norteamericano un atractivo turístico. Kevin riu dunha broma moi feita e foi daquela, ou se cadra algo máis tarde, cando Laura descubriu que ó rapaz ese mundo descoñecido atemorizábao, coma se tanta xente vivindo lonxe do seu arbitrio o convencesen pouco a pouco de que el non era necesario ata levalo por fin a desaparecer. Foi por ese temor, tan inusual entre os viaxeiros, polo que empezara a quere-lo.

E agora Kevin estaba cabo do basilisco, inqueda porque había un igual a ese en Viena, pero aínda que aquel era, coma este, unha galiña ou un galo nacido dun ovo posto por un macho, o de Viena fulminaba ás criaturas coa ollada, mentres que este se metía baixo das casas e quitáballe-los folgos ós moradores. E iso que os dous, dixo ó cabo, remataban en cola de réptil. A Laura o basilisco toucado con longas orellas parecíalle máis ben o fillo dunha monxa. Quería ve-la serea. Kevin dicía que o basilisco de Viena estaba tallado sobre a parede dunha casa, cabo da taberna onde se compuxera *Du lieber Agustin*. Laura non quería tomar cervexa ata que caese o sol, pero gustáballe iso, dixo, *Du lieber Agustin*, mentres contemplaba a Pincoya que, parada sobre os seus dous pés, se volvera irrecoñecible. Cos brazos en alto, malia as tetas xenerosas que lle penduraban, a Pincoya tiña un aspecto moi viril. O cartel insistía en describirla como unha fermosa muller de longa cabeleira, encanto e dozura incomparables, pero ela non podía atopar beleza ningunha nos trazos que se amoreaban no centro do rostro, tan distintos ós das mulleres chilenas.

Tamén podía suceder que o escultor imaxinase os seres fantásticos dun xeito moi diferente ó antropólogo que escribía os carteis e entre os dous mantivesen unha polémica. En todo caso, aliáraos a crueldade. Ó pé do pobre Invuche, o cartel dicía que ós nove días de nacer os bruxos o raptaran e lle quebraran unha perna e lla pegaran nas costas. Sentado sobre o seu traseiro, cos brazos ós costados do corpo e as mans abertas apoiadas diante, o Invuche parecía un mastín triste, destinado a garda-la porta da cova onde vivían os bruxos. Laura, de súpeto sacudida polo horror, buscou a Kevin que seguira diante e fotografaba un homiño cuberto por unha carapucha. Aínda que estaba tallado en negra pedra tacana e nas mans sostiña un machado, o cartel atribuíalle unha condición etérea. O Trauco era o espírito do amor e o pai putativo de tódolos fillos naturais que nacían en Chiloé.

Risoña, Laura pasou cabo do Trauco. Máis lonxe, aboiaba o buque fantasma, a muller voadora anunciaba a chegada dos bruxos e ó resto non o coñecía. A cunchiña do patio volvérase cegadora; deixou a Kevin completando a súa iniciación nos misterios e, logo duns pasos cegos polos corredores que levaban á porta de entrada, desembocou na praza central.

Á noite, cando pechou os ollos, volveu ver tégulas. Tégulas púrpura e carmín no comité do Partido Comunista de Ancud. Recubertas primeiro con taboíñas de madeira estreitas e delgadas, as casas foran pintadas logo con cores pavorosas. Eran animais cubertos de escamas que agora, baixo o insólito ceo azul que os viña acompañando, permanecían en letargo. Calquera día de chuvia podían espertar. Daquela, o sucio azafrán e maillo vermello adulterado había trezarse e ela vería como fendían os lombos de madeira. ¿Por que as cidades se volvían máis tristes ó tempo que avanzaban cara ó sur? A ela, escudriñar dese xeito as tégulas dentadas mancáralle os ollos. Na escuridade, dun lado a outro do teito ou das paredes, unha taboíña ardente perseguíaa. Kevin durmía plácido a carón dela. Desde agora ela só había mira-lo mar e mailas baías, as verdes praderías vertixinosas, unha araucaria.

Non cumpriu a súa promesa. Ó día seguinte, procurando casas construídas sobre palafitas, bateu cunha montaña de ostras, mexillóns e vieiras que unha rapaza vestida cun mameluco azul traía desde unha fábrica de peixe para envorcar logo no cimo dunha vertente. Afiados e dentados, os caracois viñéronlle ós ollos. Esa montaña era un organismo que se negaba á unidade: as liñas continuas das súas abas estalaran en formas pequenas, e de novo agora, á noite, cando xa non podía soporta-la luz e o cansazo a facía cabecear, ela reflectía formas recortadas na escuridade. Co índice e maillo maior apertados ó longo das pálpebras, conseguiu durante algúns momentos un alivio. Xa unha semana antes, os coios que formaban a praia dun lago lle deixaran tatuada a pel, pero ela non fixera caso da advertencia. A morta pululación das taboíñas de

madeira, as cunchas, os coios ¿podían acaso nesta illa onde a distancia entre os corpos e as árbores, entre a pel e a bruta pedra ou o mesmo mar era tan mínima, manterse aí, lonxe, obedientes á xerarquía imposta polos homes?

En Viña, en Reñaca, en Con-Con, nos balnearios do centro do país, os chilenos bañábanse nas praias. Laura vira como o mar os facía retroceder, abri-los brazos e berrar, e como eles dobraban o lombo e fundían a cabeza na auga para burlalo. Pero era inútil. Cun refluxo violento o mar facíalles perder pé e envorcábaos. E así e todo, cada tanto na praia algún erguíase sobre a súa hamaca e camiñaba cara ó mar, desapehensivo, como quen vai utilizar ó seu antollo un elemento. E, sen embargo, aínda que a eles o mar os fixese moverse como lle viña en gana, aínda podían, aínda que con esforzo, saír e miralo de lonxe. Aquí, en Chiloé, non o podían abandonar nunca. E era por iso que entre o mar e mais eles se erguían os seres fantásticos que agora Kevin intentaba organizar inxenuamente nunha cosmogonía, porque en Chiloé a mitoloxía andaba a brincos. Kevin podía citar a Frazer, pero máis parecido a todo isto era o guisado de curanto que mesturaba tan ben os mariscos, a carne de vaca e mailo polo.

A noite seguinte, un paxaro grallou por riba dos tellados. Por fin atoparan albergue nunha das casas palafitas que se aliñaban sobre a beira dun esteiro; no extremo, onde o camiño cortaba o que debeu ter sido un brazo de mar, un cartel atenuóulle-la euforia. Esa ringleira de casas era recuperada por arquitectos chilenos e españois; a dona da pensión sen dúbida conseguía un beneficio en efectivo cos convenios. Retranqueira, Laura preguntou por qué razón os españois sempre se interesaban en construcións nobres, no canto de elixiren o que precisaba melloras, como o cemento abominable que cubría a praza central de Ancud e, tamén aquí, a de Castro. Kevin dixo que por abandona-las cousas espantosas á súa sorte contribuían ó deterioro. Coma sempre, era máis sutil do que ela agardaba.

A pel de Kevin, durmido agora a carón dela, parecía uniforme. Sobre a súa clara transparencia, non vira nunca tatuarse as pedras quentes das praias, nin reflectirse unha tégula. Agora mesmo, mentres o aire nesta peza con vidros fixos se ía volviendo cada vez máis escaso, non vía sobre os beizos do rapaz, nin no nacemento do seu pelo, pingas de suor. Se cadra, de lle esvarar unha man polas costas descubría sobre a súa pel unha miríade imperceptible; daquela, tamén el empezaba a se disgregar. Pero de facer un aceno que Kevin percibía, como tocalo ou intentar abri-lo montante, el había espertar e regresaría ó seu cuarto. E ela, agora, xa non quería que el marchase.

Ó tempo que descendían cara ó sur, o corpo e mailo olor de Kevin foran despregando un territorio natal. Cando os dous, borrachos, volvían cambaleando cara ós albergues, cando ela golsaba enriba dun sumidoiro, Kevin aínda tiña arrestos e sostíñaa. Era a mesma fortaleza dos alemáns que todo ó redor do Llanquihue se pechaban nos seus bares ou nos seus clubs antes de se emborracharen ata caer redondos so a mesa; pero aínda así, como ela os vira, descontrolados e babeantes coma cans, non tiñan nunca a mirada en pendente. En cambio os mariñeiros que subían desde o porto en Valparaíso, en Valdivia e seguramente en Ancud; os homes que ascendían borrachos desde onde fose, gabeaban erguendo a cara encarnada, frouxa polo alcohol e sacudida pola marcha e ela, que se asomara esa tarde a un dos miradoiros de Valparaíso, por exemplo, lembrábaos á noite en escorzo, a cara diante e o corpo oblicuo detrás. Os mariñeiros non intentaban camiñar dereitos como fan os homes acomodados, senón que se deixaban ir. O Pacífico fundíase, abrupto, como a mesma cordilleira, as praderías vertixinosas, os lagos. Os homes e mailas mulleres ascendían con fatiga. Eran seres ameazados por un abismo.

O paxaro volveu grallar. A respiración de Kevin era tan tenue que ningún sinal lle chegaba á superficie do corpo. Debuzouse sobre o seu perfil, dixo: "Vou saír, queda acó", agardou o aceno, que foi a penas un cabeceo, e ergueuse da cama. O montante era fixo; á dona da pensión, ó día seguinte, habería que lle pedir cuartos máis ventilados ou dicirlle adeus.

Unha muller perseguía debaixo das estacas das casas, na beira mesma da auga, un animal. Podía ser doméstico, porque intentaba atraelo repetindo, "pite, pite, pite", dous implosivos antes dun asubío, dun i palatal, metálico, máis doce e urxente cando xa a man que estendía, formando un oco, parecía a piques de atrapalo. Coa outra, levaba recollida a faldra da súa bata. O animal deixábase aquietar polo asubío ata que ela estaba preto; daquela, oíase batuxar coa á que non estaba ferida, ou quizais coas dúas ás entre as plantas acuáticas. Ela non podía ficar alí, observándoa, porque o animal debía asustarse aínda máis coa intrusión. A muller, que non dera mostras de vela, desafohou con maldicións. Cando lle botase man, habíalle retorce-lo carneato ó mal parido. Habíalle arrinca-lo cu e quebrarlle as patas, aí *nomás*, á píntega. Antes de seguir adiante, Laura apalpou a campeira á procura do atado de cigarros. O seu movemento alertou á muller que lle adiviñou a intención e de seguida dixo: "Qué, non hai convite". Era coma se lle lembrase unha norma de cortesía, se cadra un hábito da rexión, usual coa xente que realiza unha faena que é para ben de todos,

como limpar unha rúa. Estendeulle todo o atado; a outra dixo: "É mellor para ti, *madrecita*", e gardouno sen máis voltas. Daquela preguntoulle onde podería tomar unha cervexa e a muller riu. Dama, non sabía, pero se ía cara ó centro debía camiñar pola beira da luz e que cruzase a ruta por onde sempre xogaban os rapazolos. Seguiu a indicación; aínda ben non tería andado dez pasos cando entre dúas casas se abriu un corredor, apareceu a auga, e ela pegou un brinco ó costado; preto, o becho aletexaba brutal, intentando librarse, pero a muller, que debiera achegarse entre as estacas tras dela, usándoa de reclamo, non o largou. Só de quita-la bata, espida pero coas dúas mans libres, podía suxeitar un animal coma ese, un ganso, unha besta cun peteiro aleivoso e certo coma os que criaban os alemáns.

Xa non estaban os rapaces xogando no cruzamento da rúa, senón dous mozos sentados enriba do muro; o terceiro saíu da sombra andando sobre as mans. Non tiña nada que darlles, ante todo, porque non lle pedían moedas e logo, porque tabaco era o que ela ía procurar. Pero ningún lle pedira nada, nin sequera que marchase, aínda que aí tamén era un estorbo; dos tres mozos, o único que a miraba era o rengo e así facíalle inclina-la cabeza sobre a súa desgracia. Ó que ela se detivo, desbaratara algunha cousa que estaban tramando.

No camiño cara ó centro as licorerías estaban pechadas; un par de bares abertos, cheos de homes, non a animaron a entrar. Tivo que dirixirse cara á praza, guiada case todo o tempo polas torres pintadas de lila e laranxa da igrexa de San Francisco; ía respirando fondo e por veces sentía ascender desde o seu corpo o olor de Kevin.

Esa mesma mañá, cando chegaban a Castro, ó tempo que o autobús se achegaba á praza central, Laura comezara a sacudi-la cabeza e Kevin, que viu desde a xaneliña o lila e mailo laranxa estampados contra o ceo azul intenso, botou a rir. E sen embargo agora, que xa tiña un xerro de cervexa e un atado de cigarros aínda intacto enriba da mesa, as torres de San Francisco, tan ignorantes da atrocidade da súa cor, erguíanse cunha inocencia calma. Non era desta vez o alcohol, que á segunda copa do que fose, pisco, vaina, whisky, cervexa, avivaba as súas simpatías; non sabía exactamente por que, pero en calquera caso xa non era ela a que se inclinaba, tolerante, aceptando esta idiosincrasia da cor da illa de Chiloé, senón a igrexa mesma a que a protexía; máis aínda, calmaba unha desconfianza. Bebeu outro golo do xerro e púxose de pé; cando pasou cabo do obelisco tamén pintado de lila que se erguía no centro da praza, a súa tolerancia diminuíu un grao, pero un instante despois a fachada de San Francisco volveuna protexer.

No extremo do banco da praza que enfrontaba a igrexa había un home e unha rapaza moi nova; como non podían ser unha parella, tampouco se habían sentir demasiado molestos pola súa presenza. A guía turística precisaba que a igrexa tiña mil trescentos metros cadrados, pero, ¿cantos cúbicos, cantos de alto e, sobre todo, cantos de superficie interior? A cantidade que fose remontáara polo aire esa mañá cando penetrou na igrexa. En Quito, a igrexa de San Francisco era unha selva enmarañada; en Quito, para lle gañar á pedra tallada e mais ó xeso, para mostrar que era preciosa, a madeira de América fora labrada ata a exasperación. Aquí, en Chiloé, na cidade de Castro, sobre a inmensa superficie interior de San Francisco, a madeira deixábase correr docemente acastañada, ouro vello, area. Sen pintura ningunha, sen tallas, sen artesoados, lisa, despoxada do que non fose os regueiros das súas vetas, a madeira era un tecido vivo, o interior dun corpo humano. Nada máis que madeira podía rodea-lo corpo dun carpinteiro que penduraba, alto e morto, na ábsida; pero foran ebanistas, é dicir, homes que o avantaxaban na profesión, quen construíran ó redor del esa matriz de leña.

Por hábito e mesmo con desdén ela entrara esa mañá na igrexa. San Francisco abraiouna sen humillala, xenerosa coma a caridade, a gracia, o perdón, as virtudes que se exercen sen énfase e sen troco. Nadando na luz que a madeira douraba, os seus ollos descansaron; agora, en cambio, na escuridade da noite, de novo febles e afectados, en cada pestanexo traíanlle o que durante o día non quixera ver. Tan leves e malignas coma as liñas que ela vía debuxarse ó redor dos seus ollos, miríades de orificios negros esburacaran a San Francisco; desde Liliput chegara o exército das térmites. A vellez da propia pel entristecía; cando o tecido comezara a caer, había perde-la levidade. San Francisco, en cambio, habíase tornar etérea. Cribada, sería primeiro encaixe, logo tule suxeito por entremedios e cintas de puntilla. Un día de inverno, a través dalgunha fenda había entra-lo vento e arrastraría nubes de serraduras. Cando esvaecesen, polo buraco aberto onde antes estivera a madeira, habíanse ve-las chapas de ferro cincado. Pero se as térmites comían a madeira, a ferruxe rillaba as chapas de cinc; calquera día, se non estaba sucedendo xa, o ferro había abrir unha pequena pálpebra maligna; no interior da casa comezarían a brillar estrelas ata formar unha constelación. San Francisco estaba ameazada polas térmites e mailo ferruxe; fiel ós hábitos do país, a morte da materia tamén se anunciaba con formas pequenas e obsesivas: círculos, cilindros, lunares, pupilas. E de continuar ela a escudriñalas, en calquera momento a morte redonda habíaaselle incrustar nos ollos.

Botara tan atrás a cabeza que, cando volveu á posición normal, San Francisco cambaleou. Agora, máis que protexela, as torres víñanlle enriba. Kevin dixera que beber cervexa a grolos era o xeito máis seguro de se emborrachar; daquela contestou ela que xusto iso era o que andaba buscando, pero esta noite case non bebera e Kevin durmía lonxe, no albergue; xa nin o grallar dun paxaro, nin a muller e mailo animal que batuxaban entre as palafitas o habían espertar; el non sairía, inqueda, á súa procura. O aire era tan frío que lle enferruxara uns poucos grolos de cervexa dentro do corpo: agora si que se sentía mareada.

Para se afirmar, estendeu as mans cara ó asento do banco. A dereita apoiárase sobre un cabo pulido de madeira, tan curto, que as xemas dos dedos de inmediato o superaron e agora tocaban unha prancha de ferro encaixada no extremo. O home que deixara o obxecto aí percibiu o seu movemento; debía coidar que quería roubalo, porque estendeu á súa vez a man e colocouna enriba da dela, coma se ó tempo que intentaba recupera-la propiedade quixese proba-lo delicto. A palma era calosa na base dos dedos; a mesma dureza, case calcaria, volvía máis suave a concavidade que a apresaba. O home quedou así un momento e logo, con esa soa man, comezou a lle guía-los dedos: facíalle recoñece-lo obxecto que os dous oprimían do mesmo xeito que un home guía a man que lle rodea o sexo e así indica á muller a presión e mailo movemento que desexa. Pero a súa guía non era perentoria nin obscena; ela mesma adoitaba percorrer dese xeito os trazos da cara de Kevin, por veces so a luz, outras na escuridade. Unha man tan habelenciosa e segura debera adestrarse nun oficio; máis probablemente na artesanía da madeira que tronzando árbores, porque en Chiloé, coma en case todo o país, as empresas traían máquinas e non era posible que o home utilizase un machado para o seu traballo. Debía ser un artesán da madeira, un dos homes que esculpían as tégulas recortándolle-las beiras cada vez máis dentadas ó tempo que se avanzaba cara ó sur. Esas mans, daquela, colocaban un molde enriba das delgadas pranchas amoreadas de madeira de alerce e, coas palmas firmemente apoiadas a cada lado da morea de taboíñas, guiaríanas baixo a serra vertical que recortaba o bordo convexo, ou biselado, ou en forma de polígonos, ou triangular ou circular ou dentado. ¿Sería así? A matriz debía ser de metal. Podía chamarse a si mesmo artesán, carpinteiro ou ebanista.

¿Con que outros pensamentos había lograr distraerse mentres se deixaba persuadir polo toque desa man? Un toque, abundara un toque. Tamén podía suceder, coma con Kevin, que fose a caricia leve, continua e enervante do extremo dos seus dedos a que chamaba o desexo, pero as mans dun home hábiles en fabricar taboíñas, ou o que fose, xogaban a ser exactas sobre un corpo. Ou, máis ben, tiñan o grao de forza exacto para lograren que tódolos músculos dunha muller, o tecido da súa pel, os seus órganos, os seus tendóns, se ensamblasen coma os listóns de madeira no interior de San Francisco. E sucedera. Tanto e tan ben, que agora podía manterse firme ollando a mole laranxa e lila, luminosa coma o atardecer.

A rapaza que permanecera acougada no outro extremo do banco apareceu de socate uns pasos diante dos dous. Debera erguerse sen ruído e agora afastábase en diagonal, coa súa mochila sobre o ventre coma unha barca acugulada, algo debruzadas as costas para atrás por equilibra-lo peso. Eludira a luz da igrexa e penetraba segura no escuro. O home, que a seguía cos ollos, ía xirando a cabeza ata que Laura lle descubriu o perfil da cara, riscado ó biés pola beira da carapucha que descendía ata o ombreiro e desde alí continuaba cunha curva cara á base do pescozo. Facíalle lembrar vellos debuxos de historietas que aínda tiña a súa nai, como Rinkel o baleeiro; mais, se era pescador, a carapucha debía ser de tea engomada, ou de tea plástica de cor laranxa ou amarela como era habitual agora, mentres que a esta confeccionáranla cunha tea de la máis útil para preservalo do orballo que da auga de mar.

O home tamén se parecía a Rinkel nos seus trazos. Non eran trazos nacidos, senón deseñados ou tallados coa precisión e maila economía dun rostro que debe ser recoñecido de viñeta en viñeta ou de talla en talla. Agora percibíao con nitidez porque os dous xiraran a cabeza ó mesmo tempo: primeiro, cara á rapaciña que se afastaba e logo, ata se enfrontaren. Despois da inmovilidade na que permanecera mentres se deixaba abrasar pola súa man, este xiro, este movemento da súa cabeza, tivo unha dimensión tan decisiva como a noite en que Kevin bateu á súa porta e ela, despois de abrilas, regresou en silencio á cama. Mais agora, o que agardaba era el. Realizara dous acenos e agardaba o resultado.

Púxose en pé e o home fixo o mesmo. Á luz feble que os artesáns deixan acesa durante a noite para preservar dos furtos o ferro e maila madeira dos telderetes, a capa entreaberta deixoulle ve-lo corpo, os longos brazos paralelos que se unían á altura dos xeonllos sobre o machado que recuperara. Non tiña un cartel ó pé que anunciase o seu nome, mais ela, agora, tiña os ollos limpos. Pasou a punta da lingua sobre as tégulas dos seus propios dentes; ó tempo que se achegaba aspirou o olor do home cos profundos orificios do nariz e logo estendeu a man ata rozar e acaríña-la capa coas xemas dos dedos. Cada unha das pequenas formas temidas, ameazantes, fora parar ó seu debido lugar e eles dous tiñan que se dar présa antes de que as luces prontas do amencer diluísen as torres da igrexa cos seus propios vapores laranxa e alilados.

O Trauco tiña un carromato ben ensamblado e silandeiro. Laura deixouse acubillar pola súa capa mentres rodaron polos camiños aínda máis cara ó sur. Debía face-lo amor nos bosques, pero a ela levouna ata unha cama con sabas bordadas. Os seus dedos eran *nomás* de carpinteiro, non de ebanista nin de leñador. Trouxera tódalas ferramentas con el, o Trauco, e sen embargo non as fixo notar, atento como estivo de seguido á madeira. Acariñou coas palmas a superficie para recoñece-la dirección das vetas e logo serrou tégulas de beiras curvas, foinas montando unha enriba doutra en ringleiras e cando xa as tivo ensambladas, de súpeto, ergueunas. Laura foi daquela unha casa de dous pisos con sobrado, cun miradoiro sobre o pórtico de acceso e mais un balcón refundido desde onde se podía contempla-lo mar e mailas baías. E, ó momento, unha capela cun portal de nove arcos, cunha alta torre, tres naves no interior con santos de madeira e un fermoso retablo no altar; e, logo, unha casa chilota feita case de nada cunha estufa de pedra e, por fin, unha casa palafita sobre unha ampla plataforma con escaleiras que ascendían ó entresollado. Debaixo da casa, na auga da ría, o bote flotaba sobre a auga calma e ningún rumor espertaba a Kevin, o louro durminte; agora na peza o aire era fresco e leve e Laura xa non debía temer por el.

Ó amencer, a luz que penetrou a través dos vidros fixos da fiestra pintou de lila a madeira de alerce. Laura deixouna avanzar ata que as primeiros brochadas de cor laranxa lle anunciaron que chegara a hora de partir. Fóra, no pórtico da casa veciña, seguramente irritada de verse tan lonxe da auga, a Pincoya abrandaba a golpes a besta que fundira dentro dun saco. O longo pelo negro botado para atrás deixaba adiviña-lo óvalo da cara e mailo nariz pequeno, mais o que a muller non podía percibir, encarnizada nese axuste de contas, era o pano enferruxado do lateral da casa, esplendidamente avermellado. Cando a ferruxe rillase a chapa, ducias de ollos habíanse abrir e a Pincoya xa non daría abasto para retorcer un a un os garneatos desas bestas que bebían os folgos. O aire era limpo e frío; detida no pórtico, Laura cruzou sobre o seu ventre os faldróns da súa campeira e volveuse para pecha-la porta. Dentro, o Trauco roncaba a penas so a súa capa de la, mais xa non había tempo para despedidas; no pescante do carromato o rengo, abrazado a un can tristeiro, estábaa agardando. Tendeulle a man para axudarlle a subir e conduciu con coidado polas pegadas do cascallo. Os taboleiros do carro bambeaban e mexían ó seu neno dentro do berce de madeira. Se Kevin regresaba ó seu país do norte, de tódolos xeitos o fillo había ter un pai prolífico e destro, mais se lle nacía unha muller, debía evitar custe o que custe que viaxase a Chiloé. Enfrontado á madeira, un carpinteiro resultaba ser un home promiscuo.